



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 28 DE DECEMBRO DO ANO 2016

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 35 minutos do día 28 de decembro do ano 2016, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

ALBERTO FUENTES PREGO

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑÓN

Asiste como secretario, o secretario acctal. da Corporación, Juan Carlos Antelo Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora da Corporación, Rut Presas Pardo.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión ordinaria do 25 de novembro de 2016.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando ***aprobada por unanimidade dos membros presentes.***

2.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCIZO 2017.-

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e especial de Contas na sesión celebrado o día 22 de decembro de 2016, na que se deu conta do expediente formado e do informe de intervención en relación co asunto do epígrafe.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto manifesta que o orzamento presenta unha continuidade con respecto ao do ano pasado en moitas das súas partidas como salarios, subvencións, becas





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ou asistencia social, presentando como novidades a aportación aos grupos políticos, que aínda non ten local onde reunirse, ou gastos en mobiliario para o salón de plenos, motivos polos que se abstendrá.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos socialistas de Galicia- PSOE, comeza a súa intervención felicitando ao corpo técnico deste Concello e aos políticos por presentar os orzamentos para o 2017 en prazo. Destaca que é o segundo orzamento mais grande na historia deste Concello, parecido ao do ano 2009, salientando que o IBI urbano sube uns cen mil euros. No capítulo de gastos e dentro das subvencións nominativas lle chama a atención unha ao clube de fútbol de Caión – ao que o sr. alcalde contesta que é para unha furgoneta de 9 prazas xa que se teñen que desprazar aos campos de Laracha e Paio Saco para entrenar-, e conclúe o sr. Verdía destacando unha minoración das transferencias correntes de Xunta de Galicia e Deputación, motivos polos que o seu grupo se abstendrá.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo municipal do BNG sinala que en materia de ingresos se reduce a previsión con respecto ao orzamento de 2016 nun 2,4 %, pasando de 7.901.340,75 a 7.711.604,39. Estima que existe pouca variación nos ingresos propios, e onde se reduce substancialmente é nas transferencias doutras administracións. No que respecta ás transferencias correntes afirma que se duplica a previsión de ingresos procedentes da Deputación, froito do novo plan que permite coñecer con antelación a cantidade mínima coa que vai contar o Concello xa que os criterios de reparto de fondos son claros e transparentes, sendo os mesmos criterios que foron pactados para o POS e que veñen funcionando moi ben desde hai anos. En materia de transferencias correntes, salienta o sr. Sande que a cantidade que se prevé recibir da Deputación é case 173.000 euros mais que a prevista recibir da Xunta, que é a que ten todas as competencias e a obriga de prestar moitos servizos, entre eles os servizos sociais.

No apartado de gastos o Sr. Sande destaca como novidades a incorporación das subvencións nominativas para as comisións de festas e outras nas bases de execución, incluída novamente unha nominativa de 900 euros para a festa da garda civil, que non comparte por entender que hai outras prioridades de financiamento. Afirma que tamén se recuperan as asignacións aos grupos políticos. Continua a súa intervención destacando que os capítulos I (persoal) e II (gastos correntes), se levan o 75% do total do orzamento de gastos. O capítulo IV (transferencias correntes) increméntase coa incorporación das subvencións nominativas, e os investimentos reais baixan case un 4% respecto ao ano 2016. Subliña que os





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

orzamentos non incorporan ningunha partida orzamentaria destinada á dinamización dos sectores económicos, o parque empresarial, creación dun viveiro de empresas no mesmo, ou para promoción do emprego (salvo o soldo da axente de desenvolvemento local). Pero se incrementa de xeito substancial a previsión de gastos para atencións protocolarias (máis do dobre), e tamén, a partida en publicidade e propaganda que aumenta nun 40%. Critica que se manteña unha persoa como persoal eventual, facendo funcións que non corresponden a alguén que está ao servizo do goberno e critica o balance da xestión do goberno municipal no que hai sete persoas con dedicación política absoluta (5 membros do goberno, máis 2 asesores). Finaliza a súa intervención o sr. Sande manifestando a súa preocupación pola perda de poboación do Concello nos últimos anos (máis de 100 persoas menos no 2015) que fai, entre outras cousas, que se perda a posibilidade de conseguir a farmacia de Paiosaco por non chegar aos 11.500 habitantes.

A continuación toma a palabra o sr. Alcalde agradecendo en primeiro lugar a rapidez do persoal dos servizos económicos na tramitación do presente expediente e en especial á interventora. Se trata dun orzamento equilibrado e realizado con moita cautela, destacando que a débeda prevista é cero xa que no 2017 aínda estamos en período de carencia no PAI polo tanto non hai que devolver ningunha cantidade.

En materia de ingresos existe unha diferenza de 200.000 euros con respecto ao orzamento anterior, cun incremento de cen mil euros no IBI (por novas altas), pero con 159.000 euros menos en Plans da Deputación e subvenciones. Non se contemplan as cantidades do PEIM posto que non hai compromiso firme de aportación, pero se contempla a aportación da Xunta para o Centro Sociocomunitario de Caión, que este ano é de 95.000 euros.

En relación aos gastos o sr. Alcalde destaca que os relativos aos capítulos I (persoal) e II (gastos correntes), se levan gran parte do orzamento, sobre todo o capítulo II xa que é onde están todos os gastos correntes do Concello (servizos, mantementos ...), salientando que moitos investimentos convértense en mantementos do capítulo II en exercizos posteriores, sinalando como exemplo que en próximas datas se abrirá o pavillón do Otero Pedraio pero despois hai que gastar no seu mantemento.

A continuación o sr. Alcalde describe as principais magnitudes do orzamento de gastos:





INVESTIMENTOS

❖ **Investimentos reais en infraestruturas: 1.491.000 €**

- Remate proxecto, urbanización e equipamento do pavillón do CEIP Otero Pedraio: 62.000 €
- Apertura nova estrada entre a Avenida Manuel Fraga e a 1ª Travesía Doutor López Astray: 50.000 €
- Construción pista multideportiva xunto ao IES Agra de Leborís: 85.000 €
- Construción do centro sociocomunitario de Caión: 100.000 €
- Adecuación solar para ampliación do centro de saúde: 50.000 €
- Mellora no saneamento de auga en Caión: 68.000 €
- Acceso a núcleos de poboación. Infraestruturas, bens e reposicións: 102.000 €
- Ampliación iluminación pública: 14.000 €
- Ampliación recollida selectiva: 19.500 €
- Equipamento e mobiliario na Casa do Concello e edificio de servizos múltiples (despachos partidos políticos): 22.500 €
- Melloras no campo de fútbol da Laracha e na piscina municipal: 19.000 €
- Afirmado de camiños rurais en Leborís: 15.000 €
- Melloras rede viaria municipal POS e PLUS: 377.000 €
 - Parroquias de Cabovilaño, Coiro, Erboedo, Lemaio, Lestón, Montemaior, Torás, Vilaño, Soandres e Soutullo.
 - Pintura viaria e reposición de sinalización en estradas municipais.

❖ **Protección patrimonio histórico-artístico. Compra terreos castro de Montesclaros e menhir de Erboedo: 87.000 €**





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

❖ **Outros investimentos en terreos: 21.000 €**

ATENCIÓN PRIMARIA (SERVIZOS SOCIAIS)

❖ **Total: 915.434 € (1 de cada 8 euros dos orzamentos)**

- Gastos de persoal.
- Programas de servizos sociais.
- Programas de actividades.
- Centros sociais da terceira idade.
- Aula lúdica municipal.
- Centro de Información ás Mulleres.
- Mellora equipamentos e instalacións.
- Aportación municipal escola infantil.
- Aportación municipal centro de día e fogar residencial.
- Fondo de emerxencia social.

CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS E AXUDAS MUNICIPAIS

❖ **Bolsas de estudos: 55.000 €**

❖ **Subvencións nominativas: 85.100 €**

- Agrupación de Voluntarios de Protección Civil: 6.000 €
- Comisións de festas: 27.000 €





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Club Baloncesto Laracha (xestión escolas municipais): 24.000 €
- Club do Mar de Caión (transporte): 15.000 €
- Confraría Pescadores de Caión (Arquivo da Pesca): 5.000 €
- Asociación de Comercio ACSIL: 2.500 €
- Solidariedade Galega co Pobo Saharaui: 600 €
- Produtora Vía Láctea Filmes (promoción "Sicixia"): 2.000 €
- Asociación ADISMA: 3.000 €

❖ **Convocatoria subvencións a entidades: 121.500 €**

- Culturais: 34.500 €
- Deportivas: 77.000 €
- Educativas: 10.000 €

EMPREGO

- ❖ Gastos en persoal: 1.850.235 €
- ❖ Fomento do emprego: 94.000 €

OUTROS SERVIZOS MUNICIPAIS

- ❖ **Residuos sólidos urbanos: 435.000 €**
- Recollida: 142.529 €





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

- Xestión: 31.600 €
- Tratamento: 261.000 €

- ❖ **Alumeado público: 449.000 €**

- ❖ **Ciclo da auga (abastecemento, saneamento e depuración): 675.000 €**

- ❖ **Servizo de prevención e extinción de incendios: 70.000 €**

- ❖ **Limpeza viaria: 57.742 €**

- ❖ **Limpeza e mantemento de parques e xardíns: 69.610 €**

EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- ❖ **Promoción cultural: 273.234 €**

- ❖ **Rede de bibliotecas municipais: 33.500 €**

- ❖ **Promoción deportiva: 297.000 €**

- ❖ **Limpeza, mantemento e melloras instalacións deportivas: 417.000 €**

- ❖ **Limpeza e mantemento de centros de ensino: 436.000 €**





OUTROS SECTORES ACTUACIÓN MUNICIPAL

- ❖ **Plan de Transporte Metropolitano: 14.000 €**

- ❖ **Promoción turística: 22.200 €**

- ❖ **Hermanamento Olone-Sur-Mer e programa “Europe for Citizens” (municipios de Eslovaquia, Malta, Italia, Lituana e Letonia): 47.500 €**

- ❖ **Aportación grupos políticos: 9.760 €**

A continuación toma a palabra o sr. Sande Muñiz para afirmar que espera que se priorice o investimento en materia de emprego, no parque empresarial e no viveiro de empresas cando haxa algunha subvención ou programa doutras administracións públicas para elo, tamén reclama algo de iniciativa municipal no sector agrogandeiro, critica a discriminación ás asociacións de veciños que seguen sen ter subvencións e volve a solicitar que se tomen medidas para conseguir a farmacia en Paiosaco.

O sr. Alcalde lle contesta que este Concello participou ao longo do ano nos distintos plans de emprego promovidos pola Deputación e a Xunta, en relación ao polígono industrial se mantiveron reunións coa SEA, propietaria das parcelas, para que abarate o seu custe favorecendo así a súa venta e continuarán pelexando para elo. En relación co viveiro de empresas o sr. alcalde manifesta que as competencias do Concello en materia de emprego son limitadas e que as naves onde albergar o viveiro de empresas custaríalle ao Concello uns 2 millóns de euros. En canto ao sector agrogandeiro, xa houbo unha feria este ano e adianta o sr. alcalde que haberá mais. Finalmente en relación á farmacia en Paiosaco, manifesta que non acadamos a poboación necesaria para tela e que as excepcións que contempla a lexislación son taxadas e que tampouco as cumprimos, e que a baixada de poboación nos últimos dous anos se debe principalmente a fluxos migratorios



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

de familias doutros países que retornan ao seu país o van a vivir a outros Concellos, unido a un crecemento vexetativo negativo.

Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, **por doce (12) votos a favor correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, tres (3) abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais dos Socialistas de Galicia- PSOE e Mixto, e dous (2) en contra, correspondentes aos concelleiros do grupos municipais do BNG**, o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aproba-lo límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello da Laracha para o exercicio 2017 por un importe de 5.822.705,27 euros, e un teito de gasto por importe de 7.743.776,66 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal Único para o exercicio económico 2017, xunto coas súas Bases de Execución e demais documentos obrantes no expediente co seguinte resumo por Capítulos:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS GASTO	EUROS
G1- Gastos de persoal	1.850.235,19
G2- Gastos en bens e servizos	3.894.851,28
G3- Gastos financeiros	0,00
G4- Transferencias correntes	460.710,00
G5-Continxencias	0,00
G6- Investimentos reais	1.490.807,92
G7- Transferencias de capital	15.000,00
EMPREGOS (CAP. 1-7)	7.711.604,39

ESTADO DE INGRESOS



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

CAPÍTULOS INGRESO	EUROS
1- Impostos directos	2.376.350,00
2- Impostos indirectos	75.000,00
3- Taxas e outros ingresos	1.397.760,00
4- Transferencias correntes	3.425.638,87
5- Ingresos patrimoniais	10.500,00
6- Allem. invest. Reais	0,00
7- Transferencias de capital	426.355,52
RECURSOS (CAP. 1-7)	7.711.604,39

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO.- Expoñer ao público o Orzamento Municipal para o ano 2017, Bases de Execución e Cadro de Persoal aprobados e o límite de gasto non financeiro, polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.

SEXTO.- Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.





3.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO PERÍODO LEGAL DE PAGO E AO PERÍODO MEDIO DE PAGO, CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2016.-

En cumprimento do sinalado no artigo 4.4 da *Lei 15/2010 do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais*, o secretario procede a dar conta do informe de intervención pertencente ao terceiro trimestre de 2016, que literalmente di:

“Asunto: Análise do Período legal de pago e do Período medio de pago no Terceiro trimestre de 2016

Lexislación aplicable:

- *Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, en redacción dada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004.*
- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, pola que se aproba o Texto Refundido de la Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento del Imposto sobre o Valor Engadido.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba el Regulamento de Contratos das Administracións Públicas.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- *Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego*
- *Lei 13/2014, de 14 de xullo, de transformación do Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores.*
- *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEOSF)*
- *Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.*
- *Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.*





- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Tendo en conta a lexislación anterior e en relación co asunto de referencia, Rut Presas Pardo, Interventora do Concello da Laracha dende o 11 de Xanerio do 2016 INFORMA baseándome na documentación existente no programa de contabilidade :

1.- RESPECTO AO PERÍODO LEGAL DE PAGO:

1.1.- Obxecto do informe

O artigo 4.3 da Lei 15/2010 indica que: “Os Tesoureiros ou, no seu defecto, os Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

O contido do mencionado informe foi desenvolvido polo Ministerio de Economía e Facenda a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do mesmo. Al tal fin publicouse unha Guía para elaborar os informes, que foi actualizada no pasado mes de marzo de 2015, e de acordo coa cal dito informe conterá a seguinte información:

- a) Pagos realizados no trimestre
- b) Intereses de demora pagados no trimestre
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre

Pois ben, nos apartados 1.3 e seguintes do presente informe será detallada a información anterior.

1.2.-Prazos de pago a ter en conta

Segundo establecía o artigo 216.4 do Texto Refundido de la Lei de Contratos do Sector Público RDL 3/2011, de 14 de novembro, “la Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días naturales siguientes a la fecha de expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato”. Debendo terse en conta o disposto na Disposición Transitoria Sexta do mesmo texto legal, que establece unha aplicación progresiva destes prazos: “El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 216 de esta





Ley, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013(...)

Ademais, o 24 de febreiro de 2013 e o 16 de xullo de 2014, respectivamente, entraron en vigor o Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, e a Lei 13/2014, de 14 de xullo, de transformación do Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores, que modificaron dito precepto, que queda redactado como segue:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados”

Pois ben, ás facturas abonadas durante o período obxecto do presente informe (Primeiro trimestre de 2016), ao ter todas elas data de rexistro de entrada no concello posterior ao 23 de febreiro de 2013, seralles de aplicación o prazo de trinta días dende a súa aprobación.

1.3.- Pagos realizados no trimestre/intereses de demora:

Neste punto recóllese, como anexo ao presente informe, o cadro titulado Pagos realizados no trimestre, coa estrutura esixida pola Guía do Ministerio de Facenda, resultante da aplicación informática que soporta a contabilidade municipal, acerca dos pagos das facturas que se levaron a cabo no terceiro trimestre de 2016. Como pode observarse, durante o período obxecto do presente informe excedeuse o prazo máximo de pago en 14 dos pagos realizados, resultando un período medio de pago durante o período de 32,57 días dende a data de recoñecemento das obrigas.

Tal e como recolle o cadro anexo titulado Intereses de demora pagados no período, non foi abonada cantidade algunha en dito concepto durante o trimestre ao que fai referencia o informe.

1.4.- Pagos pendentes de realizar ao final do trimestre:

No cadro anexo titulado Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre inclúense as facturas que a data 30/06/2016 estaban pendentes de pagar, rexistradas no rexistro de facturas e agrupadas conforme á estrutura esixida pola Guía do Ministerio de Facenda.

Das facturas pendentes de pago ao final do trimestre, 52 atopábanse fora do prazo legal para ser pagadas, resultando un período medio do pendente de pagamento de 36,43 días dende o recoñecemento da obriga.

Se adxunta tamén neste informe as facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre transcorreran máis de 3 meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se recoñecera a obriga. Se adxunta cadro das pendentes de recoñecemento que ascenden ao número de 2 . Se informa que a lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade orzamentaria prevé que





no caso das entidades que incumpran o PMP deberán actualizar o seu Plan De tesourería. O concello de Laracha ten que elaborar o Plan de Tesourería.

2.- RESPECTO AO PERIODO MEDIO DE PAGO:

2.1.- Obxecto do informe

O artigo 4 da LOEOSF regula o principio de sostenibilidade financeira, como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Enténdese que existe sostenibilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

En desenvolvemento dese precepto ditouse o Real decreto 635/2014, cuxo artigo 6.2 dispón que: “2. Las comunidades autónomas y las corporaciones locales remitirán al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y publicarán periódicamente, de acuerdo con lo que se prevea en la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, la siguiente información relativa a su período medio de pago a proveedores referido, según corresponda, al mes o al trimestre anterior:

- a) El período medio de pago global a proveedores mensual o trimestral, según corresponda, y su serie histórica.*
- b) El período medio de pago mensual o trimestral, según corresponda, de cada entidad y su serie histórica.*
- c) La ratio mensual o trimestral, según corresponda, de operaciones pagadas de cada entidad y su serie histórica.*
- d) La ratio de operaciones pendientes de pago, mensual o trimestral, según corresponda, de cada entidad y su serie histórica.*

La información se publicará en sus portales web siguiendo criterios homogéneos que permitan garantizar la accesibilidad y transparencia de la misma, para lo que el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas facilitará a las comunidades autónomas y corporaciones locales modelos tipo de publicación”.

De acordo co anterior, unha vez realizado, a través da aplicación informática de contabilidade Silcalwin, o cálculo do Período Medio de Pago, resultan os seguintes datos:

- Ratio de operacións pagadas: 2,57días





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- *Importe operacións pagadas: 848.944,03 euros*
- *Ratio de operacións pendentes de pago: 6,41 días*
- *Importe de operacións pendentes de pago: 510.476,98 euros*
- *Período Medio de Pago Global: 4,01 días*

Este é o meu informe que someto a calquera outro con mellor criterio en base aos datos que a Contabilidade do Concello de Laracha ten non seus estados salvo error aritmético.”

Os membros da Corporación asistentes á sesión, quedan **enterados do informe** de intervención emitido en aplicación do establecido nos artigos 4 e 5 da *Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais*, correspondente ao terceiro trimestre de 2016.

Remata o sr. alcalde desexando feliz ano 2017 a toda a Corporación, ao público e prensa asistente á sesión.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión sendo as 14 horas e 45 minutos, da que como Secretario estendo a presente acta e dou fe da mesma, asinándoa dixitalmente xunto ao sr. Alcalde.

